

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O DÍA 26 DE XUÑO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de xuño de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, Sra. D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ reúnen, por medios presenciais, os concelleiros e concelleiras: D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, D.^a MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO, D.^a FLORA RUBINOS ROIS, D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN, D. AGUSTÍN GALLEGU VIGO, DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY e a concelleira non adscrita D.^a MARÍA REIGOSA CASTRO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado, e asisten á sesión a órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto; tamén asistiu para informar sobre o asunto número 2, o xefe do servizo de Medio Ambiente. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.- Aprobose, por unanimidade, a urxencia da convocatoria da sesión.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

2. MEDIO AMBIENTE.- Acórdase a aceptación da subvención correspondente á axuda concedida polo IDAE para a execución do proxecto clave PR-RENORED22026-000134.

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO

3. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a aprobación definitiva do expediente de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para a execución do novo centro de saúde e outros equipamentos públicos no barrio do Sagrado Corazón.

Asinado dixitalmente pola órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García e o tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado.